

Aprazamento "Compostela City Race"

Seguindo as medidas tomadas polas diferentes autoridades, Goberno de España, Consello Superior de Deportes, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte e Concello de Santiago de Compostela, así como as federacións española, galega e internacional, vémonos na responsabilidade de **aplazar** a "Compostela City Race".

A situación actual provocada polo COVID-10 impide a celebración con normalidade da nosa proba, marcada xa non só polo carácter deportivo e de convivencia, senón tamén pola súa vertente internacional.

Esperamos informar o antes posible da nova data de celebración, notificación que será efectuada con tempo suficiente para organizar as vosas viaxes.

Ademais, para aquelas persoas que queirades estar informadas sobre a proba e as súas datas, habilitamos [este formulario](#) no que podedes indicarnos o voso enferezo electrónico, ao que vos enviaremos as últimas actualizacións.

Nos vindeiros días, informaremos dos procedementos para recuperar ou manter as vosas inscricións.

Agradecemos de antemán a vosa comprensión.

Ánimo e saúde!